



AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

CADRO: AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

| | |
|--------------------------------|---|
| Organismo responsable: | Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia |
| Metas de información: | Obter información sobre o mercado de traballo en Galicia nas ramas características do turismo |
| Obxectivos: | A explotación das cifras de afiliación á Seguridade Social dos traballadores, publicadas polo Ministerio de Traballo e Inmigración, distingue entre o réxime e a rama de actividade a dous díxitos seguindo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009). A Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia fai un estudo da publicación destes datos para recoller as compoñentes máis significativas do emprego en Galicia nas ramas definidas como características do turismo. |
| Tipo de actividade: | Continua |
| Período inicial: | Xaneiro de 2009 |
| Periodicidade: | Mensual |
| Ámbito xeográfico: | Galicia |
| Colectivo: | Afiliacións á seguridade social no último día do mes |
| Filtro: | Ramas de actividade do ámbito turístico (Servizos de aloxamento, Servizos de comidas e bebidas, Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes) |
| Método de recollida: | Consultas vía web |
| Fonte dos datos: | Afiliaciones a la Seguridad Social por ramas de actividad / Ministerio de Trabajo e Inmigración |
| Enlaces fonte orixinal: | http://www.ige.eu/igebdt/csvh?id=4885&tipo=2&op=2 http://www.ige.eu/igebdt/csvh?id=4885&tipo=2&op=3 http://www.ige.eu/igebdt/csvh?id=6346&tipo=2&op=2 http://www.ige.eu/igebdt/csvh?id=6346&tipo=2&op=3 http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/EstadisticasPresupuestosEstudios/Estadisticas/EST8/EST10/EST305/EST306 http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/EstadisticasPresupuestosEstudios/Estadisticas/EST8/EST10/EST305/EST309 https://www.tourspain.es/es-es/ConocimientoTuristico/Paginas/EmpleoTuristico.aspx |
| Medio difusión: | Páxina web da Área a través do portal da Axencia Turismo de Galicia |
| Publicacións: | Informes en formato texto e táboas de datos |
| Prazos publicación: | Informe carácter mensual |

ACTIVIDADE: AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

1. Contacto

Organización: Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia
Dirección: Estrada Santiago - Noia km 1. A Barcia - 15897
Santiago de Compostela (A Coruña)

2. Presentación estatística

2.1. Descrición dos datos

A análise das afiliacións á Seguridade Social é unha actividade co principal obxectivo de ofrecer unha descrición da evolución do emprego a través da explotación das cifras de contas de afiliación dos traballadores aos diferentes réximes da Seguridade Social a nivel de provincias.

Dita información é recollida polo Ministerio de Traballo e Inmigración e publicada a través da páxina web da propia Seguridade Social, o Instituto Galego de Estatística e o Instituto de Estudos Turísticos de España. Permite analizar e avaliar a estrutura e a evolución do emprego, así como un seguimento do emprego tanto a nivel de Galicia como a nivel provincial.

A principais variables proporcionadas son: os agregados de Galicia e provincias segundo réxime de afiliación, e tendo só en contas as actividades características do turismo en termos anuais e a hostalaría e as axencias de viaxe para o caso dos datos mensuais.

2.2. Sistemas de clasificación

Clasificacións utilizadas

- Réximes da Seguridade Social
 - Réxime Xeral (excluídos Fogar e Agrario) e Minería do carbón
 - Réxime de Autónomos
 - Agrario
 - Réxime especial empregados do fogar
 - Mar
- Provincias
- As recomendacións internacionais inclúen como actividades características do turismo as seguintes ramas de actividade da CNAE 2009:
 - Hostalería:

- 55 Servizos de aloxamento
- 56 Servizos de comidas e bebidas
- 791 Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos
- Transporte de viaxeiros:
 - 491 Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril
 - 493 Outro transporte terrestre de pasaxeiros
 - 501 Transporte marítimo de pasaxeiros
 - 503 Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores
 - 511 Transporte aéreo de pasaxeiros
 - 522 Actividades anexas ao transporte
- Outras actividades turísticas
 - 771 Aluguer de vehículos de motor
 - 773 Aluguer de outra maquinaria, equipos e bens tanxibles
 - 799 Outros servizos de reservas
 - 900 Actividades de creación, artísticas e espectáculos
 - 910 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
 - 931 Actividades deportivas
 - 932 Actividades recreativas e de entretemento

2.3. Cobertura por sectores

Dada a desagregación coa que se pode traballar, nos informes mensuais só se analizan os datos do número de afiliacións correspondente ás ramas: Servizos de aloxamento (rama 55), Servizos de comidas e bebidas (rama 56) e Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes (rama 79)

2.4. Conceptos e definicións estatísticos

Definición A afiliación ao Sistema da Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

Para as táboas de afiliacións á Seguridade Social facilitadas polo *Ministerio de Empleo y Seguridad Social* contabilízanse o número de afiliacións. Hai que ter en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar. É dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.

CNAE-09 (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) é a Clasificación Nacional de Actividades Económicas resultante do proceso internacional de revisión denominado Operación 2007. Foi elaborada segundo as condicións recollidas no Regulamento de aprobación da NACE Rev.2. O obxectivo desta clasificación é establecer un conxunto xerarquizado de actividades económicas que poida ser empregado para favorecer a implementación de estatísticas nacionais que poidan ser diferenciadas de acordo coas actividades establecidas e clasificar as unidades estatísticas e entidades segundo a actividade económica exercida

Réxime especial agrario Están incluídos no réxime especial agrario todos os traballadores, calquera que sexa o seu sexo e estado civil, que de xeito habitual e como medio fundamental de vida realicen labores agrarias, sexan propiamente agrícolas, forestais ou pecuarias, dentro do territorio nacional, sempre que estean incluídos como traballadores por conta allea, ou como traballadores por conta propia.

A partir do mes de xaneiro de 2008 desaparece o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados intégranse no réxime especial de autónomos. é dicir, a partir de xaneiro de 2008, o réxime especial agrario fórmano os traballadores maiores de 16 anos que realicen labores agrarias con carácter retribuído por conta allea, dentro do ámbito de organización e dirección doutra persoa física ou xurídica.

Con efecto o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores do réxime especial agrario (conta allea) inclúense dentro do réxime xeral da Seguridade Social, mediante a creación do sistema especial agrario.

Réxime especial autónomos Para os efectos deste réxime especial, entenderase como traballador por conta propia ou autónomo, aquel que realiza de xeito habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular de empresa individual ou familiar.

Presumirase, salvo proba do contrario, que no interesado concorre a condición de traballador por conta propia ou autónomo se el mesmo ostenta a titularidade dun establecemento aberto ao público como propietario, arrendatario, usufrutuario ou outro concepto análogo.

Réxime especial da minería do carbón Están incluídos no réxime especial da minería do carbón os traballadores por conta allea que prestan os seus servizos a empresas que realicen as seguintes actividades relativas á minería do carbón:

- Extracción de carbón nas minas subterráneas.
- Explotación de carbón a ceo aberto.
- Investigacións e recoñecementos
- Aproveitamento de carbóns e augas residuais con materias carbonosas.
- Escollido de carbón en vertedoiros de cascallo
- Fabricación de aglomerados de carbón mineral

- Fornos de produción de cok (con exclusión dos pertencentes á industria siderometalúrxica).
- Transportes fluviais de carbón
- Actividades secundarias ou complementarias das anteriores

Réxime especial empregados do fogar Os traballadores comprendidos dentro do campo de aplicación do réxime especial de empregados de fogar son os que se dediquen a servizos exclusivamente domésticos para un ou varios cabezas de familia, sempre que estes servizos sexan prestados na casa que habite o cabeza de familia e que perciban un soldo ou remuneración de calquera clase. Están incluídos os traballos de gardería, xardinería, condución de vehículos e outros análogos nos supostos nos que se desenvolvan formando parte do conxunto de tarefas domésticas.

O encadramento dentro deste réxime, efectuarase dependendo do número de horas traballadas e se trata dun solo empregador ou varios, de acordo co seguinte:

- Os empregados de fogar fixos: son os que prestan servizos para un só cabeza de familia durante un tempo igual ou superior a 80 horas de traballo efectivo ao mes
- Os empregados de fogar descontínuos: son os que prestan os seus servizos para un ou varios cabezas de familia, con carácter parcial ou descontínuo, durante un mínimo de 72 horas de traballo efectivo ao mes, que teñen que realizarse, polo menos, durante 12 días en dito mes

Desde o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores incluídos no réxime especial de empregados do fogar quedan integrados dentro do réxime xeral, mediante a creación do sistema especial para empregados do fogar. Esta integración afecta tanto aos traballadores que prestan servizos con carácter fixo para un titular do fogar familiar, como aos denominados "descontínuos", cuxa actividade realízase para varios titulares de fogares familiares.

Establécese un período transitorio que comprende do 01-01-2012 ao 30-06-2012, para que os empregadores e as persoas empregadas procedentes do réxime especial da Seguridade Social de empregados do fogar, comuniquen á *Tesorería General de la Seguridad Social* o cumprimento das condicións esixidas para a súa inclusión no sistema especial para empregados do fogar.

Réxime especial traballadores do mar No réxime especial do mar están incluídos:

- Traballadores por conta allea, retribuídos a salario ou á parte, empregados en calquera das actividades seguintes:
 - Mariña mercante
 - Pesca marítima en calquera das súas modalidades.
 - Extracción doutros produtos do mar.
 - Tráfico interior de portos e embarcacións deportivas e de recreo.
 - Traballos de carácter administrativo, técnico e subalterno das empresas dedicadas ás actividades anteriores.

- Traballo de estibadores portuarios.
 - Servizo auxiliar sanitario e de fonda e cociña prestado aos emigrantes españois a bordo das embarcacións que os transportan.
 - Persoal ao servizo das confrarías de pescadores e as súas federacións e das cooperativas do mar.
 - Calquera outra actividade marítimo-pesqueira que a súa inclusión neste réxime sexa determinada polo Ministerio de Trabajo e Inmigración.
- Os armadores de embarcacións que sexan de máis de 10 toneladas ou leven enrolados máis de cinco tripulantes, se figuran no rol e perciben como retribución polo seu traballo unha participación no "Monte Menor" ou un salario como tripulante, quedan asimilados a traballadores por conta allea, salvo para os efectos de desemprego.
 - Traballadores por conta propia que realizan de xeito habitual, persoal e directa, algunha das actividades que a continuación se enumeran, sempre que a mesma constitúa o seu medio fundamental de vida:
 - Armadores de embarcacións que non excedan as 10 toneladas de rexistro bruto, non leven máis de cinco persoas enroladas incluído o armador, e nas que este vaia enrolado como técnico ou tripulante.
 - Os que se dediquen á extracción de produtos do mar.
 - Os redeiros que non realicen as súas faenas por conta dunha empresa pesqueira determinada.
 - Tamén se poden incluír o cónxuxe e os familiares, hasta o segundo grado de consanguinidade, afinidade ou adopción do traballador autónomo, se traballan, conviven e dependen economicamente de el, salvo proba de que son traballadores por conta allea

Réxime xeral Quedan incluídos no réxime xeral, entre outros:

- Os traballadores españois por conta allea da industria e dos servizos e asimilados aos mesmos que exerzan normalmente a súa actividade no territorio nacional.
- Os traballadores por conta allea e os socios traballadores de sociedades mercantís capitalistas, aínda que sexan membros do seu órgano de administración, se o desempeño deste cargo non leva consigo a realización das funcións de dirección e xerencia da sociedade nin posúan o seu control.
- Os socios traballadores de sociedades laborais.
- Os estranxeiros con permiso de residencia e de traballo en España que traballen por conta allea na industria e nos servizos e exerzan a súa actividade en territorio nacional. Os traballadores comunitarios non necesitan permiso de traballo.
- Persoal (funcionario ou laboral) da administración local.
- Os condutores de vehículos de turismo ao servizo de particulares.
- O persoal civil non funcionario, dependente dos organismos, servizos ou entidades do Estado.

- Laicos ou segrares que presten servizos retribuídos en institucións eclesiásticas.
- As persoas que presten servizos retribuídos en entidades ou institucións de carácter benéfico social.
- Persoal contratado ao servizo de notaría, rexistros da propiedade e demais oficinas ou centros similares.
- Funcionarios en prácticas que aspiren a incorporarse a corpos ou escalas de funcionarios que non estean suxeitos ao réxime de clases pasivas e os altos cargos das administracións públicas que non sexan funcionarios, así como os funcionarios de novo ingreso das comunidades autónomas.
- Funcionarios transferidos ás comunidades autónomas, que ingresen voluntariamente en corpos ou escalas propios da comunidade autónoma de destino. Persoal interino ao servizo da administración de xustiza.
- Representantes de comercio.
- Artistas.
- Profesionais taurinos.
- Os seguintes sistemas especiais:
 - Traballadores fixos discontinuos de empresas de estudo de mercado e opinión pública.
 - Traballadores fixos discontinuos de cines, salas de baile e de festa e discotecas.
 - Manipulado e empaquetado de tomate fresco, realizadas por colleiteiros e exportadores.
 - Servizos extraordinarios de hostalería.
 - Industria da resina.
 - Froitas, hortalizas e industria de conservas vexetais.
 - Agrario. Con efecto o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores do réxime especial agrario (conta allea) inclúense dentro do réxime xeral da Seguridade Social, mediante a creación do sistema especial agrario.
 - Empregados do fogar. Desde o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores incluídos no réxime especial de empregados do fogar quedan integrados dentro do réxime xeral, mediante a creación do sistema especial para empregados do fogar

Sistema especial agrario Están incluídos no sistema especial agrario os traballadores por conta allea que realicen labores agrarias, forestais ou pecuarias que ou sexan complementarias ou auxiliares das mesmas, en explotacións agrarias, así como os empresarias aos que presten os seus servizos.

Sistema especial empregados do fogar Estarán incluídos neste sistema especial, como empregados do fogar todos os traballadores, calquera que sexa o seu sexo e estado civil, e que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de 16 anos.

- Que presten servizos exclusivamente domésticos para un ou varios titulares do fogar familiar, ou a un grupo de persoas, que sen constituír unha familia, convivan no mesmo fogar con tal carácter familiar.
- Que eses servizos sexan prestados na casa que habite o titular do fogar familiar e demais persoas que compoñen o fogar.
- Que perciba por este servizo un soldo ou remuneración de calquera clase que sexa.

2.5. Poboación estatística

Afiliacións a último día de mes á Seguridade Social por sección de actividade

2.6. Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico é todo o territorio a nivel da Comunidade Autónoma galega

2.7. Cobertura temporal

A Afiliación á Seguridade Social está recollida e publicada na páxina da Área de Estudos e Investigación dende xaneiro de 2009 mensualmente

2.8. Período base

Ano no que se comezou a recoller a enquisa, e polo tanto ano base, é xaneiro de 2009

2.9. Unidade de medida

As unidades de medida son en termos de contas de afiliación á Seguridade Social

2.10. Período de referencia

O período de referencia son as afiliacións a último día de mes

3. Mandato institucional

3.1. Actos xurídicos e outros acordos

A recollida, tratamento e difusión dos datos da actividade estatística “3503-01-AE05 Emprego no sector turístico galego”, dentro da cal se engloba a análise das afiliacións á Seguridade Social, están contempladas no plan estatístico da comunidade autónoma “LEI 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021” publicado no DOGA - número 145, martes, 2 de agosto de 2016 e, concretamente para o ano 2019, dentro do programa estatístico regulado polo “DECRETO 165/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019” publicado no DOGA - número 248, o luns, 31 de decembro de 2018

4. Confidencialidade

4.1. Política de confidencialidade

A Lei 12/1989, de 9 de maio, da Función Estatística Pública obriga ao INE a non difundir en ningún caso os datos persoais calquera que sea súa orixe. Enténdese que son datos persoais os referentes a persoas físicas ou xurídicas que ou ben permitan a identificación inmediata dos interesados, ou ben conduzan pola súa estrutura, contido ou grao de desagregación a identificación indirecta dos mesmos. Por outra parte, o Regulamento (CE) nº 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de marzo de 2009, relativo á estatística europea establece a necesidade de establecer principios e orientacións comúns que garantan a confidencialidade dos datos utilizados para elaborar estatísticas europeas e o acceso a eses datos confidenciais, tendo en conta o progreso técnico e as necesidades dos usuarios nunha sociedade democrática.

4.2. Tratamento de datos confidenciais

A Área de Estudos e Investigación adopta as medidas lóxicas, físicas e administrativas necesarias para que a protección dos datos confidenciais sexa efectiva, dende a recollida de datos ata a súa publicación. Nos cuestionarios das enquisas inclúese unha cláusula legal que informa da protección que ampara aos datos recollidos. Nas fases do tratamento da información os datos que permiten a identificación directa só se conservan mentres son estritamente necesarios para garantir a calidade dos procesos.

Na publicación das táboas de resultados analízase o detalle da información para evitar que poidan deducirse datos confidenciais das unidades estadísticas. Nos casos en que se difunden ficheiros de microdatos, estes sempre están anonimizados. Os datos de identificación directa non se gardan xunto coa propia información estatística despois da fase de recollida de datos.

5. Política de difusión

5.1. Calendario de difusión

A publicación avance do calendario realizase o último mes de cada ano e amosa as datas exactas da publicación das estatísticas conxunturais e o mes de publicación das estadísticas estruturais.

5.2. Acceso ao calendario de difusión

O calendario de publicacións difúndese na páxina web da área (Calendario de publicacións)

5.3. Acceso do usuario

Os datos difúndense de xeito simultáneo segundo o calendario de publicación, na maioría dos casos acompañados de nota de prensa. Ao mesmo tempo os datos publícanse na web da Axencia Turismo de Galicia (<https://www.turismo.gal/aei/portal/index.php>).

5.4. Frecuencia da difusión

A frecuencia dos datos é dobre: mensual tendo en conta as actividades de hostalería e axencias de viaxe e anual para o conxunto das ramas características do turismo. A frecuencia da difusión é, en consecuencia, mensual e anual.

5.5. Comunicados

Os resultados das actividades difúndense xeralmente con informes que se poden consultar tanto no menú correspondente á operación como no apartado das publicacións máis recentes.

5.6. Publicacións

Na web da área de Estudos e Investigación están dispoñibles os seguintes apartados:

- **Observatorio turístico** → **Mercado de traballo: Afiliacións** Dentro desta sección atopámonos cos informes mensuais publicados
- **Observatorio turístico** → **Mercado de traballo: Informe anual** Informe anual de emprego dentro do cal está unha análise anual da información da afiliación como media trimestral para as ramas características do turismo
- **Datos estatísticos** → **Afiliacións á seguridade social** Táboa de datos coa información mensual das afiliacións

6. Relevancia

6.1. Necesidades do usuario

Entre os usuarios da actividade hay que destacar: Outros organismos públicos (observatorios, etc.), Administracións territoriais (deputacións provinciais), Investigadores e mundo académico, Empresas e institucións sen fin de lucro (servizos de estudo de empresas, fundacións, asociacións, etc.), sindicatos e organizacións patronais. Prensa e medios especializados. Particulares.

6.2. Satisfacción do usuario

Non existe enquisa de satisfacción dos usuarios específica para esta actividade. As peticións de datos trátanse de xeito puntual e satisfanse en tempo e forma na súa práctica totalidade, sempre que permita as desagregacións solicitadas.

7. Oportunidade e puntualidade

7.1. Oportunidade

Os informes publícanse na metade do mes seguinte ao de referencia, polo que o lapso de tempo dende o período de referencia ao momento da publicación dos informes é de 15 a 25 días.

7.2. Puntualidade

Os resultados da enquisa publícanse de acordo ao calendario de publicacións da Área de Estudos e Investigación.

8. Coherencia e Comparabilidade

8.1. Comparabilidade geográfica

O emprego dos datos de afiliación e a non modificación das definicións e conceptos empregados, permite comparar los resultados desagregados territorialmente por Comunidades Autónomas e Provincias.

8.2. Comparabilidade temporal

Os datos de afiliación á Seguridade Social difúndense en termos mensuais.

9. Revisión de datos

9.1. Revisión de datos - Política

A Área de Estudos e Investigación non dispón dunha política que regule a revisión dos datos estatísticos.

9.2. Revisión de datos - Práctica

Os datos son definitivos cando son publicados por primeira vez e non están suxeitos a revisión. Si se detectan erros e os datos e informes deben ser modificados, entón engádese unha nota explicativa xunto coa información co fin de advertir aos usuarios que os datos foron cambiados.

10. Tratamento estatístico

10.1. Datos de orixe

Os datos desta actividade obtéñense a través da transcripción do formulario de afiliación á Seguridade Social, calquera que sexa a forma de cumprimentar este, obtendo e difundindo os datos sobre traballadores afiliados e movementos de altas e baixas de afiliación ao sistema da Seguridade Social.

10.2. Frecuencia da recollida de datos

Os datos de afiliación empregados nos informes son recollidos mensualmente.

10.3. Recollida de datos

Os datos consultados son os referidos a último día de cada mes, sendo o dato anual a media aritmética dos doce meses.

10.4. Axuste

Axustes estacionais: Na análise de series temporais téñense en conta os problemas de calendario (como a Semana Santa).

PROCESO: AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

11. Proceso de elaboración

11.1. Proceso de elaboración: Método

O proceso para a análise de datos das actividades realizadas pola área resúmese no seguinte proceso:

- Recollida da información procedente de diferentes fontes (enquisas propias, rexistros administrativos, microdatos procedentes doutras entidades,...)
- Incorporación da información obtida e incorporada a unha base de datos baixo a que se pode depurar e executar procesos empregando a linguaxe SQL
- Análise dos datos a través da súa explotación en libros de cálculo ou mediante guións de desenvolvemento empregando a linguaxe R
- Elaboración de informes e táboas de datos mediante o emprego de procesadores de texto ou a través de guión empregando a linguaxe R
- Publicación dos informes e táboas obtidos na páxina web da área para a súa difusión

Estas actividades poden estar en dúas fases de implementación:

- **Fase de desenvolvemento:** Esta fase caracterízase porque a actividade segue recollendo novas análises ou comentarios que fan enriquecer a información publicada final. Nesta xéranse os informes previos, novas estimacións de cálculo ou novas implementacións de código en SQL, R ou a través de libros de cálculo.
- **Fase de produción:** Esta fase caracterízase porque o mecanismo de xeración da información final ao usuario está definida claramente e establécense procesos automáticos para a súa publicación e comunicación aos diferentes usuarios. Cabe destacar que nesta poden xurdir cambios que trasladan novamente a actividade á fase de desenvolvemento.

11.2. Proceso de elaboración: Afiliacións á Seguridade Social

O proceso de afiliación está en fase de produción.